

- EQUIPAMENTOS



1. INTRODUCCIÓN




Os espazos libres como sistema presentan a dobre condición dotacional e equipamental polo que se constituen nun valor propio, irrenunciabel e continuamente perseguíbel.

Preséntase aquí o sistema completo de espazos libres existente no ámbito, facendo referencia a cada unha das individualidades e subgrupos.


A situación deste plan, nun tecido de ensanche colmatado casi por completo por edificacións amosa a dificultade de conquistar novos espazos libres, as operacións precisas deberán pasar pola reforma do espazo público existente cara unha transformación que o dote na maior medida posíbel das características propias de este, pois a consecución de novo solo para espazos é dificultosa amais de gravosa.

Facer referencia a un sistema como é o Porto, que ineludiblemente debe tender a unha convivencia máis activa en positivo na súa imbricación coa cidade, e no que a súa fronte, caondo menos dende o iniciado pazo de congresos ata a fachada do Areal nun primeiro intervalo, debe iniciar a súa gran transformación en espazo de convivencia e vida da cidade, conxionando casco, cidade central e inicios da expansión de cidade.


Espazos libres xerais do entorno proximo



Espazos libres de xerais e locais



Espazos intervidos



1.1. MEDOTOLOXÍA

Achegamento ao tecido de estudo e aos seus intersticios na procura de espazos con ou sin cualificación que poidan ser recoñecidos , incorporados e valorados no ámbito público.

- Identificación e calificación do ámbito localizado
- Cráterios e obxectivos da actuación.
- Proposta de actuación.

O sistema xeral de espazos libres está fraccionado en tres grandes bloques:

- Espazos libres pertencentes a sistemas xerais (áreas estanciais)
- Espazos libres pertencentes a sistemas locais (áreas estanciais)
- Usos de rúa (calzadas, aparcadoiros de superficie, servidumes e circulacións peonís)

Parámetros de valoración cuantitativa aplicabeis:

Espazos libres:

- Áreas de xogo e estancia
- Espazos libres. A distancias < 500m e de superficies > 3000m².
- Parques urbanos. A distancias < 1000m e de superficie > 30.000m², (3Ha)

Valores aplicabeis a un Tecido Central:

- Áreas de xogo: 0,4m²/hab
- Xardíns: 1~1,6m²/hab
- Parques: 3~3,6m²/hab
- Áreas de xogo Ø 12m.
- Xardíns Ø 30m.

Total 4,4~5,6m²/hab.. Valor medio 5m²/hab

Usos de rúa:

- Paso peonil 80cm.
- Servidume (ocupación, contedores, mobiliario,etc...)
- Estancia (areas asociadas a beirarrúas que poden compensar o 30% das zonas verdes)
- Aparcadoiro (zona de estacionamento)
- Calzada (zona de tránsito)
- Parámetros óptimos: 50% beirarrúa
50% calzada
- Banda de circulación de beirarrúa:
2m²/peón máis un 30% de servidume.

Valores de referencia:

- 151m²const/viv (100m² residencial, 51m² complementarios)
- 1 vehículo/100m²const
- 3 peóns/100m²const

ratios	Valores medios recomendabeis		Valores pepecc	vivendas pepec	m ² constr. Pepecc	locais pepecc	m ² residencial pepecc
	m ² /viv	m ² /100m ² constr	m ²	m ² /viv	m ² /100m ² constr	m ² /local	m ² /100m ² constr
áreas estanciais	4,90	3,30	34.264,00	3,65	1,41	2,16	2,42
circulacións peonijís	9,10	6,00	102.534,00	10,94	4,21	6,45	7,25
calzadas	11,30	7,50	98.963,00	10,56	4,07	6,23	7,00
aparcadoiros	5,40	3,60	33.135,00	3,53	1,36	2,09	2,34
servidumes	2,70	1,80	5.533,00	0,59	0,23	0,35	0,39
TOTAL	33,40	22,20	274.429,00	29,27	11,28	17,27	19,40
Media nacional	21,06	13,70					

Espazos libres con opción de compartir no entorno inmediato, periferia do pepecc, 334.747 m²

As áreas estanciais engloban os espazos libres xerais e locais.

As circulacións peonís engloban os espazos restantes a areas estanciais peonalizados e/ou de beirarrúa

Da análise destes datos pódese concluir na necesidade de intervención sobre os espazos libres. Os parámetros cuantitativos colocan o ámbito na situación xa referida de colmatación, aínda que aproximándose a parámetros de calidade urbana, unha distribución rigurosa de espazos libres aplicada sobre o conxunto total aporta uns valores de 29,3 m² /viv. Este valor que semella correcto debilitase fortemente en contraste co parámetro complementario que sitúa a ratio en 11,28m²/100m² construídos, pois a potencialidade e carácter do centro é de servizo do espazo público non so a compoñente residencial, sinón tamén laboral e de ocio. A determinación da cidade de conquistar cada día unha potencialidade turística maior, (novo porto, pazo de congresos, novas conexións ferroviarias) demandan unha resposta na oferta de calidade de espazos.

As actuacións deben producirse nese senso, reconsideración das seccións actuais para ganancia de ratios de mobilidade peonil, incorporación de novos espazos periféricos e acondicionamento das potencialidades, zonas mal conformadas que deben caracterizarse na busca da calidade desexada.

1.2. RELACIÓN DE ESPAZOS

Indícanse aquí os espazos libres con clasificación específica, non se indican os espazos correspondentes a calzadas e beirarrúas, así con estes parámetros temos:

1.2.1. ESPAZOS LIBRES XERAIS

- Praza de Compostela. Espacio axardinado conformado inicialmente como salón estancial e espazos anexos axardiñados, conservado na súa estrutura.
- Xardíns de Eduardo. Continuidade do espazo da praza de Compostela, fracturado en dúas unidades separadas por un acceso viario e unha edificación de infraestructuras, cualificado nunha parte dun modo naturalista e na outra formalista con paseos construídos.

Estes espazos supoñen unha superficie aproximada de 17.430m².




Praza de Compostela, Alameda



Xardíns Eduardo

1.2.1.1. PROCESO DE FORMACIÓN, PZA COMPOSTELA, XARDÍNS EDUARDO




PLANO DE COELLO(1856)

Primeira representación na que se aprecia unha conformación formal en paralelo a beiramar e a fachada edificada, rotulada xa como alameda.

Espacio aberto cara o mar con so dúas fachadas edificadas.


Trazado inicial como alameda, espazo libre arbolado



PLANO DE F. SOLER(1878)

A conformación da couzada hoxe delimitada por Carral, Raiña Victoria, Olloqui e Montero Ríos e o trazado iniciático do ensanche comezan a delimitar este espazo a vez que perde unha característica de seu, o alonxamento da beiramar.

Conformase como un salón central e dous xardíns laterais.



PLANO DE R. PASCUAL(1907-1910)

Perda da concepción inicial de espazo aberto a paisaxe e transformación nun espazo interior.

Inicio da expansión dos xardíns cara o Areal cun inicio de morfoloxía similar e continuación a modo de paseo arbolado.



PLANO DE M.COMINGES(1943)

Axardinamento do espazo central, que perde a condición de alameda de paseo para reforzar a de estancia.

Trazado e execución dos xardíns Eduardo en continuación cos anteriores na fronte do Areal, Actualmente os xardíns Eduardo so teñen conformado o tramo inicial en contacto coa alameda e perderon tamén a súa condición de abertos as vistas.

A continuidade en paralelo a rúa Areal é imprecisa, indefinida e incualificabel.

1.2.2. ESPAZOS LIBRES LOCAIS

- Praza do Progreso. Espacio de estancia rectangular con acceso dificultoso só por unha esquina, con aproveitamento semisoterrado, dispón dunha pergola e uns bancos anexos como único mobiliario.
- Continuación da aba do castro, entre as rúas Cachamuiña e Camelias. Espacio vexetal de forte pendente sin posibilidade de uso casi na súa totalidade.
- Praza de Portugal. Espacio de estancia rectangular con acceso por dous laterais, dispón dunha pergola, bancos, unha lámina de auga, unha estatua e unha zona de xogos infantis, intervindo recentemente.
- Espacio plaza entre as rúas Garcia Olloqui e Carral no seu contacto con Montero Ríos, con 4 palmeiras e unha pergola no seu frente ao mar.
- Espacio de intersección entre as rúas Alfonso XIII e Garcia Barbón, con árbores de porte elevado, un kiosco e colonizado polas terrazas exteriores dun establecemento do lugar, está atravesado por unhas escaleiras.
- Mediana central da Gran Vía. Desde o inicio no contacto con Urzaiz ate o cruce coa rúa Bolivia, conformado como unha beirarrúa central con parterres axardiñados e arbolado de separación co tráfico.
- Espacio triangular a cota coa rúa no seu lado longo e como mirador polos outros dous, na intersacción entre a bifurcación da rúa Simón Bolívar e a rúa Venezuela. Ten un parque infantil, dúas pequenas estancias e as saídas do aparcadoiro soterrado.
- Escaleiras da parte inferior da rúa Panamá, no seu contacto con Ecuador, e o local que queda entre elas.
- Escaleiras da parte inferior da rúa Arzobispo Xelmirez no seu contacto coa rúa Ecuador, e o local que queda entre elas.
- Parterre de cesped na confluencia entre as rúas Dr Carlos Colmeiro Lafore e Simón Bolívar.
- Pequeno xardín de carácter seminatural no ensanchamento de sección da Ronda de Don Bosco, entre as rúas Placer e María Auxiliadora. Con arbolado de porte alto, bancos e unha estatua.
- Parterre de cesped na confluencia entre as escaleiras de baixada a príncipe e a rúa Dr. Cadaval.

Estos espazos supoñen unha superficie aproximada de 16.840m².




Mercado e praza do Progreso 1950



Praza de Portugal 1929



Mercado e praza do Progreso 2007



Praza de Portugal 1930

1.2.2.1. PROCESO DE FORMACIÓN. PRAZA DE PORTUGAL, PRAZA DO PROGRESO



PLANO DE F. SOLER(1878)

Trazado inicial da couzada na que se desenvolverá a praza do Progreso e mercado, aprecíase un inicio edificatorio na couzada na fronte da Ronda de Don Bosco.



PLANO DE R. PASCUAL(1907-1910)

Aparece a ordenación da couzada, o mercado do progreso xunto co espazo público que o circunda proxectado a principios do século XX, inagurase en 1908.

Aparece grafiado por primeira vez o espazo da praza de Portugal, apreciándose as aliñacións das rúas Uruguay, e República Argentina que o delimitan. Observase a topografía accidentada



PLANO DE M.COMINGES(1943)

En 1951 elimínase o espazo arbolado que envolvía o mercado, e alterase profundamente a edificación do mercado, polo técnico do concello.

Inicio das obras de modificación da topografía 1928.




Praza de Portugal 2007

1974, demolición do edificio do mercado e praza, e execución dun proxecto de edificio de vivendas, terraza pública, mercado, locais comerciais e aparcadoiro, ocupando a totalidade da couzada. Permanece actualmente. 1975, Intervención sobre a totalidade da praza para execución dun aparcadoiro semisoterrado, desmontando a totalidade dos elementos decorativos, hoxe almacenados ou recolocados espallados por diversos puntos da cidade.

1.2.3. OUTROS ESPAZOS LIBRES

Ámetos non caracterizados especificamente, máis que deben ser considerados no uso que deles se fai.


- Espazo de beirarrúa ampliada na rúa García Olloqui, entre Montero Ríos e Luis Taboada.
- Recuamento da aliñación da fachada central da praza de Compostela entre as rúas Castelar e Pablo Morillo.
- Espacio liberado de edificación na esquina de intersección entre as rúas Pablo Morillo e Luis Taboada.
- Espazo de beirarrúa na fronte de Montero Ríos.
- Paso que circunda o edificio da alcaldía, esquina entre as rúas Areal e Oporto.
- Espazo no interior da couzada 34633 con acceso pola rúa Roupeiro e paso a través da parcela 07, parte deste espazo está fora do límite.
- Rúa Darío Álvarez Blázquez, entre Policarpo Sanz e Marqués de Valladares.
- Travesía de Príncipe, entre Príncipe e Policarpo Sanz.
- Praza de Fernando Conde de Montero Ríos. De nova creación ocupa o interior da couzada 33630 limitada polas rúas García Barbón, República Argentina, Uruguay e Isabel II.
- Espazo conformado polo conxunto de rúas e escaleiras que circundan a Igrexa de Santiago.
- Praza interior da couzada limitada polas rúas Padre Ramón María Aller e Alfonso XIII.
- Paso existente en paralelo ao trazado da chegada da autopista na súa parte final.
- Tránsito peonil entre a rúa P. Ramón M. Aller e Alfonso XIII, en paralelo ao acceso á autopista..
- Espazo de beirarrúas da rúa Uruguay no seu lado sur, en contacto coa praza de Portugal e continuación desde Colón a Cervantes.
- Calexón circundante do MARCO, rúa Londres.
- Espazo na rúa Progreso entre Velazquez Moreno e Ronda de Don Bosco. (posterior ao Marco).
- Espazo da rúa Manuel Núñez entre M. Berdiales e Urzaiz, e rúa Gil perpendicular a esta.
- Beirarrúa ampliada do encontro entre Urzaiz e Príncipe e continuación por Urzaiz ata Gran Vía.
- Espacio plaza elevado entre as rúas María Berdiales e Gil.
- Espazo non conformado diante da parcela 36610_13, na rúa Urzaiz nº 61, por recuamento da aliñación da edificación.
- Rúa Príncipe en todo o seu percorrido.
- Recuamento de edificación para conformación de espacio patio/praza na rúa Eduardo Iglesias 8, (corresponde co antigo Teatro-circo Tamberlick).
- Paso cuberto con escaleiras entre o final da rúa Dr. C.Colmeiro Lafore e María Berdiales.
- Soportais da edificación única da couzada 35580 (El Corte Inglés) no seu contacto con Gran Vía.
- Calexón de Salesianos.
- Venela, paso interior entre as couzadas 28612 e 28620, de Ronda de Don Bosco a Placer, estando limitada a couzada tamén polas rúas Progreso, López de Neira e María Auxiliadora.
- Praza de nova formación no espacio delimitado polas rúas Dr Colmeiro, Travesía Aurora e Perú.
- Espazo de acceso a escaleiras entre Pi y Margall e Llorente, entre os números 40 e 42 de Pi y Margall.
- Escalinata dobre que salva o desnivel entre as rúas Romil e Camelias, entre os números 9 e 11 de Romil.
- Inicio de paso a cuberto, desconectado da venela interior de couzada, que arranca en María Auxiliadora nº16.
- Calexón iniciado na rúa Pracer Alto, sin continuidade no interior da couzada entre os números 21 e 27.
- Espazo na intersección das rúas Pracer e Granada, no seu contacto co casco vello.
- Continuidade da rúa Lugo de Lopez de Neira a Dr. Cadaval.
- Espazos das rúas interiores perpendiculares a rúa Escolas Públicas, que sirven de pequeno acceso as vivendas que ahí se emprazan.
- Escaleiras entre as rúas Placer e Dr Cadaval, escaleiras de baixada a Príncipe.



1.2.4. ESPAZOS LIBRES NA PERIFERIA DO PEPECC

Ámetos caracterizados ou non especificamente como espazos libres, que se atopan no que se pode considerar a periferia do ámbito ou a súa zona de influencia, no senso de servilo tamén pola súa condición e proximidade.

- Praza de Fernando o Católico.
- Beirarrúa de Vía Norte sobre o espacio da estación de tren.
- Praza da Estación.
- Espazo de vexetación sin tratamento afectado por autopistas entre o tramo final desta e a rúa Padre Ramón María Aller.
- Espazo de vexetación sin tratamento afectado por autopistas, baixo o viaducto desta e a continuación ata a rúa Escolas Públicas e travesía de Alfonso XIII.
- Espazo na ladeira da rúa Pizarro (San Roque) entre Vázquez Varela e Brasil, aínda non conformado.
- Ámbito da Praza de España proposto no PXOM en tramitación.
- Espazo conformado pola sección completa da rúa Venezuela.
- Espazo de escaleiras na continuación da rúa Taboada Leal entre as rúas Venezuela e El Pilar.
- Espazo de contacto co ámbito do casco na confluencia das rúas Camelias e Venezuela e o espacio conformado polas rúas Ronda de Don Bosco, Blein Budiño e Venezuela (antigo transformador eléctrico)
- Praza do Rei e baluarte do Castelo de San Sebastián, no ámbito do casco.
- Praza da Porta do Sol, compartida co ámbito do casco vello.
- Tramo de forte pendienteno da rúa Carral entre a Porta do Sol e Marques de Valladares, ocupado en parte por unha saída de aparcadoiro.
- Espazo compartido co casco na intersección entre as rúas Carral, Laxe e Montero Ríos.
- Ordenación da beira marítima en contacto con Montero Ríos.
- Praza da Estrela.
- Continuación da banda verde dos xardíns de Eduardo en paralelo á rúa Areal e entre esta e o Porto, desde a rotonda da rúa Oporto ata a rúa Serafín Avendaño.
- Recuamento de fachada dunha edificación para equipamento na rúa Rosalía de Castro entre República Argentina e Oporto. (ambulatorio)
- Espazo no vertice ausente da couzada conformada polas rúas Rosalía de Castro, Pontevedra e Inés Pérez de Ceta, empregado para resolver os accesos ao aparcadoiro.
- Praza interior da couzada conformada polas rúas Rosalía de Castro, Canceleiro, García Barbón e Heraclio Botana. Con varios accesos. Dispón dun parque de xogos infantil.
- Ambito do talude entre as rúas Camelias e Cachamuiña.
- Espacio de tránsito entre as rúas Romil e Camelias proposto como actuación do PXOM en tramitación.
- Pequeno espacio de travesía entre as rúas Romil e Camelias que incorpora escaleiras que continúan unha vez atravesado Camelias.
- Escalinata que conforma a Travesía de Romil 1, e une Romil co quiebro da rúa Chile.
- Rúa Pi y Margall Interior, con parte dentro e fora do ámbito do PEPECC.



1.2.5. OUTROS ESPAZOS LIBRES POSIBEIS

Espazos inexistentes que poderían ser obxecto de caracterizacións específicas que os valorasen como espazos libres de diferentes consideracións ou clasificacións.

- Travesía de Victoria 1, rúa sin saída para acceso a garaxes e locais. Con acceso entre os números 4 e 6 da rúa Reina Victoria.
- Parcela que apropia o interior de couzada con acceso pola na rúa Areal nº36, 35650_05.
- Rúa interior da couzada 36634, conformada polas rúas Rosalía de Castro, Canceleiro, García Barbón e Heraclio Botana. Con acceso por escaleiras desde Heraclio Botana.
- Tramo da rúa Heraclio Botana con acceso desde García Barbón, e afección das parcelas 07 e 09 colindantes da couzada 36640.
- Tramo da rúa do Roupeiro con acceso desde a rúa Urzaiz.
- Calexón dos Canos, na couzada 28649, conformada polas rúas Carral, Marqués de Valladares, Darío Álvarez Blazquez e Policarpo Sanz.
- Espazo da travesía de Alfonso XIII.
- Espazo sin tratamento afectado por autoestradas no norte da couzada 33628, no punto de saída da autoestrada.
- Couzada 35610, Lepanto / Alfonso XIII / Irmandiños / Cervantes / Urzaiz. Interior de couzada con tránsito dende Irmandiños a Lepanto.
- Couzada 35610, Lepanto / Alfonso XIII / Irmandiños / Cervantes / Urzaiz. Continuación da rúa Rogelio Abalde que se introduce na couzada por Cervantes.
- Couzada 35610, Lepanto / Alfonso XIII / Irmandiños / Cervantes / Urzaiz. Espazo xerado polas rúas Martín Codax e Iglesias Esponda.
- Rúa Guatemala e escaleiras de remate en contacto con Gran Vía.
- Remate oeste da rúa Dr Carlos Colmeiro Lafore e tránsito entre esta e María Berdiales por 32600_04.
- Rúa Manuel Nuñez, entre Ecuador e María Berdiales, entre as couzadas 31604 e 32600.
- Calexón Nuñez, entre as rúas Ecuador e Ronda de Don Bosco, entre as couzadas 31603 e 31604.
- Rúa Arzebispo Xelmírez.
- Rúa Panamá.
- Espazo sin conformar na intersección entre Joaquín Loriga e Venezuela.
- Escaleiras na intersección entre Joaquín Loriga e Ecuador.
- Espazo sin conformar na intersección entre Fisterra e Venezuela.
- Escaleiras da parte inferior da rúa Fisterra no seu contacto con Ecuador.
- Travesía Taboada Leal, tránsito este-oeste polo interior da couzada 29606, con dúas pequenas edificacións que interrompen un posíbel tránsito completo.
- Atrio do Teatro Fraga, na rúa Uruguay, 33630_09 e rúa tanxente Isabel II.
- Edificación do interior da couzada 36640 con acceso desde García Barbón, vencellada coa parcela 12 e con acceso por esta.

1.2.6. ESPAZOS EDIFICADOS INTERIORES

Edificacións de interior de couzada que poderían ser obxecto de intervención para localización de dotacións, cambios de uso ou consecución de espazos libres.

- 28630_04, antigo Cine Vigo, entre as rúas Pracer e López de Neira.
- 30630_03, aparcadoiro de Dr Cadaval con edificio de oficinas anexo a Príncipe.
- 31630_14, aparcadoiro Central con acceso por Urzaiz e Vazquez Varela.
- Parcela de garaxe no interior de couzada 35569_24 (garaxe Paris) entre as rúas Venezuela, Mexico, Bolivia, Pizarro e Vazquez Varela.

POSIBEIS ESPAZOS DE CREACIÓN

Espazos de maior ou menor tamaño que poden ser obxecto de intervención cara unha ganancia de estos para o uso

- Parte sur-oeste da couzada 36600_01, convento das Siervas de Jesús, esquina Brasil / Cuba.
- Intersección entre Cervantes, Dr Carlos Colmeiro Lafore e María Berdiales.
- Actuación en 34600_04, "CLUNY".
- Espazo de tránsito entre Pi y Margall e Romil, 24590_30.
- Espazo libre no norte da "gota de leite", 27614_01.

1.3. ANALISE

1.3.7. ESPAZOS LIBRES, LIBRES XERAIS, LIBRES LOCAIS.

Espazos Libres

O espazo libre con maior presenza é o adicado ao tránsito viario, do que cabe suliñar operacións recentes de redimensionado buscando cando menos un equilibrio entre a dimensión da calzada e a adicada ao peón, feito este considerado positivo neste senso e que debe ser a actuación mínima esixíbel ao espazo público, valorando cunha análise que debe estar fundamentada nun estudo de tráfico riguroso e exhaustivo do ámbito e o seu entorno próximo a posibilidade de redireccionamentos de tráfico rodado e/ou especialización de vías.

Libres Xerais

Os únicos espazos libres de carácter xeral están conformados en continuidade como xardíns con diferentes índices de naturalidade ou formalismo, a praza de Compostela e os xardíns Eduardo nas súas dúas fases, avanzando na mesma orde de un maior aspecto natural a un aspecto de xardín moi controlado e formalizado por podas e plantacións e percorridos. Suliñar a interrupción provocada nestes pola presenza dunha edificación de infraestruturas eléctricas e o acceso a un aparcadoiro, o que impide unha lectura en continuidade.


A praza de Compostela ven de incorporar recentemente un espazo que estaba ocupado pola calzada que a separaba da súa fachada edificada máis próxima, esta apropiación en positivo acondicionada con pavimento de beirarrúa e para tránsito peonil, aínda atopa nos accesos laterais pequenas debilidades, que apegan este espazo ao anterior mais non o integran.

Libres Locais

Son estes os que dentro da súa función de servizo a poboación máis próxima cumpren unha importante misión de reforzo sobre os de carácter xeral, son os xeradores e dinamizadores de actividades lúdicas e culturais de barrio, son, as estancias, ese lugar de repouso onde a vida descansa, os dous exemplos paradigmáticos de estos espazos son as dúas prazas con nome e consideración de tales, a Praza de Portugal e a Praza do Progreso. Conformadas como estancias planares sobre un mirador, atopáronse no seu afán de mirar cara o mar coa presenza da edificación que as relegou a case espazos interiores cun único punto de entrada e saída. A estes espazos de maior dimensión e intensidade engadense unha serie de pequenos recunchos, interseccións de rúas, ensanchamentos de beirarrúas, alteracións de sentidos circulatorios, e mesmo a presenza de algun elemento comercial ou restauracional que funciona de focalizador. A consecución de continuidades entre estes espazos será que de establecer redes de tránsito variados e ricos na súa heteroxeneidade de conformacións e cualificacións facendo de todos eles un ente máis complexo e interesante.

1.4. RELACIÓNS URBANAS ENTRE ELEMENTOS SO SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES

Sistema estancial xeral proposto



A situación topográfica do casco non é a máis afortunada para un proceso de convivencia en espazos accesíbeis de relación, ladeira con pendentes baixas e medias, e algunha maior que mira a norte (a oeste o caso da zona que recolle á rúa Romil, neste caso as pendentes son elevadas), este é o punto de partida, a isto hai que engadir unha gran potencialidade como é a multiple posibilidade de vistas sobre a ría, un entorno de calidade.

Ante esta situación e analizados anteriormente os espazos e estancias existentes, a proposta é a conformación de espazos estanciais de desenvolvemento horizontal que teñan posibilidade de imbricarse, sin contactar entre eles o que orixina unha cualificación de espazos na súa propia situación e entorno e toda unha rede de pequenos transitos entre eles, que devirá nunha estrutura de mobilidade que suturará todo o ámbito.

Esquema de estancias propostas





ACCESIBILIDADE

1.4.8. BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS

Reflictese aquí a situación de obstáculos xeradores de problemas de accesibilidade tanto no tránsito como no acceso específico a un lugar. As máis destacadas son as "escaleiras" existentes en 17 ocasións dentro do ámbito, debidas á topografía base do territorio con forte pendente, aínda que as veces poderían ser evitabeis, malia todo as escaleiras son un referente na cidade, polo que as actuacións sobre elas deberan ir dirixidas a polas en valor, establecendo itinerarios alternativos cando se precisen, itinerarios que poderían valorar o elemento escaleira e facer partícipe ao peón da vitalidade e artefacto da cidade nese tránsito.

Debemos facer mención de elementos favorecedores da accesibilidade "pouco afortunados", a decisión de optar non por unha decisión "tipo" e si por unha "prototipo" na resolución da rampa de continuidade entre beirarrúa e calzada provoca efectos dañinos, pois non é capaz de resolver determinadas situacións ao estar prototipada, caso de beirarruas estreitas ou remates en curva, sinalar tamén a inadecuada presenza do pavimento diferencial, que se produce so no elemento rampa e non na banda de entorno a modo de preaviso.



ESCALEIRAS, HERNÁN CORTÉS



PROTOTIPO SIN PREAVISO




PROTOTIPO SIN PREAVISO



PROTOTIPO SIN PREAVISO



PROTOTIPO SIN PREAVISO



ESCALEIRAS, TRAVESÍA DE SANTIAGO

Localización de barreiras arquitectónicas de importancia, escaleiras.



Importante profusión de elementos de escaleira aos que hai que engadir a existencia de pendentes importantes, esta é a situación pola que se propón un sistema de estancias que aborden ttransitos en cota horizontal.

Comentarios aos elementos base de vexetación:

Distinguimos aquí diferentes elementos: os alcorques de fundición coplanarios coa superficie do entorno que se atopan en diferentes localizacións, capaces de respotar a continuidade planar do pavimento a vez que permitir o aporte de nutrientes á vexetación e de servir de elemento diferenciador de preaviso para persoas con deficiencias visuais; as novas actuacións teñen derivadas nun tipo de alcorque formalizado con bordos de pedra de dimensións reducidas, elevado respecto ao pavimento do entorno e que incorpora iluminación e un acabado interior de cantos de río, este elemento provoca unha barreira, que en situacións chega a parecer casi continua debida a abundancia e escasa separación entre eles, os cantos de recheo son sacados de este compartimento por persoas e animais, intencionada ou desintencionadamente podendo provocar a súa aparición descontrolada por unha superficie circundante de característica planar a vez que deixar cada vez mais a descuberto as luminarias que abrazan co conseginte perigo.

Outros elementos recentes son os alcorques contedores de vexetación de baixo porte, emprazados en esquinas de rúas e laterais dos accesos a pasos de peóns, formalizados con pedra bermella trapezoidal e de uns 45cm de alto, nunha primeira reflexión impacta o seu aspecto masivo e volumetrico excesivo na intención de acomodar a vexetación que acolle, e moito mais importante e referente o contedor que o contido, verdaderamente son elementos "canalizadores" do tráfico rodado co que en moitas veces chegan a entrar en conflito e outras veces obstáculos para viandantes estreitando considerablemente o espacio de tránsito, a presenza de vexetación de tamaño medio, 150cm en moitos de estos elementos e principalmente nos que circundan os pasos de peóns fai estos máis inseguros ao ter o peón maiores dificultades de apreciación do tráfico rodado. E incongruente a colocación duns elementos canalizadores de trafico de semellante potencia e impacto en recorridos que están cualificados como "zona 30" ou de tránsito preferente peonil, as limitacións dos tránsitos deben ser cognitivas e non físicas.

Un terceiro elemento, o máis recente na súa aparición son os elementos de chapa de aceiro que conteñen vexetación, elementos blandos pola súa esbetez deixan apreciar mesmo no momento da súa colocación as distorsións de planimetría e linealidade que deberían potenciar polo seu caracte lineal, endeblen ao contacto con vehiculos e de comportamento dubidoso polo seu contacto con auga, terra e abonos minerais da vexetación colocada, perigosos polo canto riguroso que presentan ante posibeis contactos accidentales con peóns e con reducido volume de terra o que limita o porte da vexetación que acollen e os problemas que poda presentar o crecemento de esta.




ALCORQUE VOLUMÉTRICO



XARDIÑEIRA DE CHAPÓN



ALCORQUE VOLUMÉTRICO



ALCORQUE E TRONCO



ALCORQUE E TRONCO

Os accesos a aparcadoiros soterrados: a sinalización de estos non debe ser o propio elemento constructivo de acceso, a excesiva formalización e o protagonismo e contrario ao concepto, estanse promovendo aparcadoiros soterrados que “oculten” os vehiculos a vez que cumpren co requisito principal de habilitar prazas de estacionamento e sobre todo liberar espacio para os viandantes, si esto se ve afectado pola presenza dos elementos de acceso, tanto para vehiculos como para peóns o resultado non é totalmente satisfactorio. Casos especialmente sinalados poden ser a saída de vehículos emprazada no medio da beirarrúa de Urzaiz no seu contacto con Príncipe, ou os accesos de peóns de ese mesmo lugar ou do centro da Gran Vía no seu contacto con Urzaiz, entendemos que existen solucións con menor impacto e igualmente efectivas para o seu cometido.

Arboles de copa baixa producen interferencias de transito á altura da cabeza, os arbustos producen interferencias de transito en toda a sección de paso.



ARBOLADO DE COPA BAIXA, IMPIDE A VISIÓN DA RÚA

Facer mención a unha situación de conflito tanto pola súa condición de barreira arquitectonica como de contaminación visual como é a concentración excesiva de diferentes elementos en espazos reducidos, semaforos, farolas, sinais de tráfico, indicadores de dirección, paradas de Bus, vexetación, papeleiras, paneis publicitarios e mesmo mobiliario urbano concentranse as veces de modo excesivo e/ou desordenado producindo dificultades de transito e un impacto visual distorsionador e deformador deles mesmos e da realidade espacial na que se emprazan. Podería tentarse a introducción dalgún elemento aglutinador de varios de estos, cando menos en situacións estratéxicas, caso das proximidades a pasos de peón onde a semaforización e iluminación son inexcusabeis para resolver varias implantacións nun elemento unitario.

En emprazamentos onde o tránsito peonil é prioritario e non existen pasos de peóns pintados no pavimento, non ten sentido indicalos na beirarrúa e aínda menos facelo con elementos volumétricos considerabeis, (Ex: Concepción Areal)

Atención especial a determinada vexetación que colocada en alcorques diminutos pode quedar comprimida no seu proceso de crecemento. (Ex: Palmeiras da rúa Carral).

A praza que hai diante do “hotel AC Palacio Universal” no fronte de Montero Ríos entre as rúas Carral e García Olloqui, está pechada, con dificultades no seu tránsito interno e dotada dun elemento de mobiliario urbano que configura unha parada de autobuses que quedou sin uso pola alteración das liñas de percorrido, amosándose agora como un elemento descontextualizado.

As barandas lixeiras protectoras de transitos nas esquinas das beirarrúas son unha opción moi valorabel no senso do reducido impacto visual do propio elemento sin deixar de cumprir co seu cometido, e no sentido da redución de espazo ocupado en planta, en situacións de dimensións moi axustadas (ex: Venezuela/Gran Vía, rotonda Areal)

Referente a esta situación falar das arbores presentes nas beirarrúas, colocadas cun criterio descoñecido, polo momento, tanto na súa condición de perennes ou caducos, no espaciado entre elementos, no seu porte e formalización das copas, en moitas ocasións reducen o espacio de transito con copas excesivamente baixas ou conformacións tipo matorral que impiden apreciar o espacio no que se colocan, a apreciación dos accesos as edificacións e a súa numeración e os de porte e copa excesivamente voluminosas ocultan as fachadas e xeneran as veces rúas sombrias alerando a percepción real da sección da rúa.



Os accesos a aparcadoiros soterrados: a sinalización de estos non debe ser o propio elemento constructivo de acceso, a excesiva formalización e o protagonismo e contrario ao concepto, estanse promovendo aparcadoiros soterrados que "oculten" os vehiculos a vez que cumpren co requisito principal de habilitar prazas de estacionamento e sobre todo liberar espacia para os viandantes, si esto se ve afectado pola presenza dos elementos de acceso, tanto para vehiculos como para peóns o resultado non é totalmente satisfactorio. Casos especialmente sinalados poden ser a saída de vehículos emprazada no medio da beirarrúa de Urzaiz no seu contacto con Príncipe, ou os accesos de peóns de ese mesmo lugar ou do centro da Gran Vía no seu contacto con Urzaiz, entendemos que existen solucións con menor impacto e igualmente efectivas para o seu cometido.



EQUIPAMENTOS

Para o estudo dos equipamentos determinouse considerar somentes os públicos, ssen embargo a falta de información que aportaban para entendela ámbito levou á valoración da situación daquelas entidades ou dotacións privadas que desenvolven un papel importante no funcionamento do ensanche.

A clasificación dos equipamentos dentro do estricto límite do ámbito é a seguinte:

Equipamentos Educativos	Universidade Popular.
Equipamentos Comerciais	Mercado do Progreso.
Equipamentos Asistenciais	E.I. Hernán Cortés. Centro Municipal de información dos dereitos da muller
Equipamentos Sanitarios	Centro de saúde da rúa Cuba. Centro de saúde da rúa Bolivia.
Servizos Públicos	Policia Nacional. Protección Civil.
Equipamentos Socioculturais	Casa das Artes. Teatro Fraga.
Equipamentos Administrativos	Dirección Provincial do Sergas. Alcaldía.

A clasificación dos equipamentos fóra do límite do ámbito é a seguinte:

P.E.P.R.I.

Equipamentos Educativos	E.I. Casco Vello. Escola Municipal de danza.
Equipamentos Comerciais	Mercado do Berbés.
Equipamentos Asistenciais	Plan Comunitario do Casco Vello. U.B.A.S. Casco Vello. U.B.A.S. Sur. Departamento Benestar Social.
Equipamentos Sanitarios	Centro de saúde Casco Vello.
Servizos Públicos	Policia Local.
Equipamentos Socioculturais	Sala dos Peiraos. Biblioteca Central. Biblioteca Fernández del Riego. Biblioteca da Fundación Penzol. Auditorio Vila de Vigo.
Equipamentos Administrativos	Concello de Vigo.

P.X.O.M

Equipamentos Educativos	C.E.I.P.S. García Barbón. C.E.I.P.S. Ramón y Cajal.
Equipamentos Asistenciais	Centro de menores Alborada.
Equipamentos Sanitarios	Centro de saúde Beiramar. Centro de saúde Rosalía de Castro. Complexo Hospitalario Xeral-Cíes.
Equipamentos Deportivos	Polideportivo do Berbés. Zona de xogos de xardíns Eijo Garay.
Equipamentos Administrativos	Xunta de Galicia.

Actividades privadas dentro do ámbito:

Educativos:	E.P.V. Compañía de María. E.P.V. Salesianos María Auxiliadora. E.P.V. Hermanas Carmelitas. E.P.V. Niño Jesús de Praga.
-------------	---

Colexio Vivas.
E.I. As Gaivotas.
Centro de F.P. San Miguel.
Centro de ensinanza Coppelia.

Comercial:	Corte Inglés.
Administrativos	Correos y Telégrafos.
Socioculturais	Centro Cultural Caixanova. Fundación Barrié de la Maza. Centro Social Caixanova. Círculo Mercantil e Industrial.
Asistenciais	Centro fogar San Paio. Compañía de María. María Auxiliadora. Parroquia de Santiago O Maior. Sevas de Xesús da Caridade. Centro Alecrín. Club do Xubilado Caixanova. O.N.C.E. Sagrado Corazón de María. Misioneras do Silencio. Igrexa evanxélica. Igrexa san Clemente. Hermanas Carmelitas.

Como se pode observar hai unha grande carencia equipamental no ámbito, destacando sobre todo os asistenciais, educativos e deportivos, xa que a cantidade de entidades privadas destes usos evidencian unha necesidade no ámbito. A evidente falta de espazo necesario no ámbito obriga a pensar en reutilizar edificios existentes, polo que se propón unha compatibilización de usos, como o educativo co deportivo (ó ser os únicos espazos do ámbito que poseen instalacións deportivas) e as igrexas co asistencial. En definitiva pódese decir que as dotacións públicas son totalmente deficitarias, existindo só instalacións deportivas nos colexios de carácter privados (son as parcelas de maior superficie ó estar vinculadas á Igrexa).